



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 4</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>		<b>Nacionalidade:</b>			
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____	<b>Sexo:</b>	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tìpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





# Celga

Certificado  
Lingua  
Galega

# 4








## Proba A1

Vostede traballa nunha editorial e a súa xefa encárgalle un texto sobre o *Museo do Mar* para unha guía turística dos museos de Galicia. Antes de escribir o texto decide ver unha reportaxe sobre o museo. Logo de vela, escriba un **texto informativo de 400 palabras**, no que deberá:

- Expoñer a relevancia e as características xerais do museo.
- Comentar a súa orixe, historia e contidos.
- Referirse a relación entre a súa localización, contorno e deseño.
- Finalizar ofrecendo argumentos para que os usuarios da guía visiten o museo.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A1 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A1 test.

## Proba A2

Vostede foi testemuña do accidente que se relata a continuación.

Un coche circula a velocidade moderada por unha estrada principal. Ao mesmo tempo, por outra estrada secundaria e perpendicular á primeira achégase unha furgoneta que se incorpora á primeira sen facer o preceptivo stop.

Malia que o automóbil frea, non pode evitar un pequeno impacto contra o lateral da furgoneta. Por fortuna o golpe é moi leve e non hai que lamentar desgrazas persoais. Mesmo os danos nos vehículos non son cuantiosos.

Os dous condutores descenden dos vehículos ante a mirada de varias persoas que se encontran nas inmediacións, entre elas vostede. O condutor da furgoneta exhibe dende o primeiro momento unha conduta prepotente e pouco conciliadora. Pretende que o condutor do automóbil asuma toda a responsabilidade sobre o ocorrido. Este último négase a tal pretensión e o condutor da furgoneta responde cunha crecente violencia verbal. O condutor do automóbil, malia iso, mantén a calma e insiste en que o máis recomendable sería cubriren xuntos a declaración amigable de accidente. O condutor da furgoneta négase reiterada e iradamente a tal cousa. Ademais, a medida que transcorre o tempo, os seus nervios van en aumento e o seu discurso comeza a resultar violento e ameazante. O incidente, xa que logo, non ten trazas de resolverse de xeito pacífico.


Nun momento dado o condutor do turismo, vendo que é imposible chegar a un acordo, diríxese a vostede para pedirlle que actúe como testemuña, ao que vostede se presta. O condutor da furgoneta ameázao tamén a vostede e acúsao de ser cómplice das pretensións do condutor do automóbil.

Uns meses despois recibe vostede unha citación do xulgado para declarar, e como na data fixada para o xuízo vai estar de viaxe fóra do país, decide, de acordo co avogado do condutor do turismo, redactar unha declaración por escrito na que narre todo o proceso e rebata as acusacións do condutor da furgoneta. O avogado infórmao de que as alegacións deste son as seguintes:

1. Que el non é responsable en absoluto do accidente.
2. Que el se incorporou á estrada despois de facer stop, e que o accidente tivo lugar debido á velocidade moi superior á permitida á que circulaba o condutor do turismo.
3. Que a actitude do condutor do turismo foi inxuriosa para el.
4. Que o condutor do turismo buscou un cómplice como testemuña (vostede) e que os dous chegaron a ameazalo para que asumise a responsabilidade do accidente.

Con estes datos, redacte unha **carta** na que declare o que realmente aconteceu. Nesta carta, de **400 palabras**, vostede deberá:

- Narrar de xeito detallado o suceso, desmentindo a versión do condutor da furgoneta.
- Mostrar incredulidade fronte ás súas afirmacións.
- Expresar a súa indignación polas súas mentiras.
- Lamentar o suceso.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.